

**PROPOSTA DEFINITIVA DE ADXUDICACIÓN DE ESPAZOS DE TRABALLO NO
ETC DE SOLLÁNS**

Considerando que, de conformidade coa cláusula 8 do prego de condicións da concesión de espazos de traballo no ETC de Solláns (en adiante, prego de condicións), con data de 10 de febreiro de 2020 formulouse a proposta inicial de adxudicación de espazos de traballo, na que se propoñía inicialmente como adxudicatarias ás persoas que se detallan a continuación, que deberían aboar, no prazo habilitado ao efecto, as tarifas que así mesmo se indican.

APELIDOS E NOME	DATA E Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	ESPAZO DE TRABALLO	TAXA
Villán Seoane, Óscar	31/07/19 (nº 4.930)	Período de tres meses en xornada parcial (6 horas/día)	30 €
Piñeiro Iglesias, Iván	12/08/19 (nº 5.106)	Período de seis meses en xornada estendida (12 horas/día)	0 € <i>Bonificación 100% (art. 7 Ordenanza (BOP 29/11/2018 e BOP 02/05/2019))</i>
Iglesias Allones, José Luis	13/08/19 (nº 5.121)	Período de seis meses en xornada parcial (6 horas/día)	30 €
Rodríguez Buela, Marta	14/08/19 (nº 5.137)	Período de doce meses en xornada parcial (6 horas/día)	21 € <i>Bonificación 30% (art. 7 Ordenanza (BOP 29/11/2018 e BOP 02/05/19))</i>

Considerando que, tal e como consta no expediente, a citada proposta foi publicada na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios con data de 10 de febreiro de 2020.

Considerando que, segundo o recollido na cláusula 8 do prego de condicións, transcorrido o prazo para o aboamento das tarifas, a proposta inicial de adxudicación considerárase definitiva, agás que se produza o suposto recollido na mesma (non aboamento das tarifas por solicitantes inicialmente incluídos na proposta e requirimento de abono de tarifas a solicitantes inicialmente non incluídos ao ser a demanda de espazos de traballo superior aos ofertados), en cuxo caso formularase unha proposta definitiva, na que se excluirán a aqueles que, estando inicialmente propostos, non aboasen en prazo as tarifas, incluíndose a aqueles que non estando nun primeiro momento na proposta inicial, por ser superior os espazos de traballo solicitados que os ofertados, abonasen en prazo as tarifas.

Considerando que, transcorrido o prazo habilitado ao efecto, procederon o aboamento das tarifas correspondentes todas as persoas inicialmente propostas como adxudicatarias.

En virtude do exposto, segundo o recollido na cláusula 8 do prego de condicións e no uso das facultades que me confire a normativa vixente, **PROCEDE:**

Primeiro.- Considerar definitiva a proposta inicial de adxudicación de espazos de traballo no ETC de Solláns, de 10 de febreiro de 2020, quedando propostos definitivamente como adxudicatarias de espazos de traballo ás persoas que se detallan a continuación:

APELIDOS E NOME	DATA E Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	ESPAZO DE TRABALLO
Villán Seoane, Óscar	31/07/19 (nº 4.930)	Período de tres meses en xornada parcial (6 horas/día)
Piñeiro Iglesias, Iván	12/08/19 (nº 5.106)	Período de seis meses en xornada estendida (12 horas/día)
Iglesias Allones, José Luis	13/08/19 (nº 5.121)	Período de seis meses en xornada parcial (6 horas/día)
Rodríguez Buela, Marta	14/08/19 (nº 5.137)	Período de doce meses en xornada parcial (6 horas/día)

Segundo.- Solicitar, mediante o traslado da presente, ao Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello, como responsable da área, que formule unha proposta de asignación concreta de espazos de traballo no ETC de Solláns, atendendo á orde de entrada (día e hora) das solicitudes no rexistro xeral do concello, de acordo co previsto na cláusula 8 do prego de condicións, a efectos de incorporar na adxudicación dita asignación concreta.

Terceiro.- Publicar a presente na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Teo, asinado na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira